

PLAN DE IGUALDADE

CEPI PLURILÍNGÜE PENA DE FRANCIA

Curso académico 2022-2023



ÍNDICE

- 1) Introducción.
- 2) Contextualización e normativa do centro.
- 3) Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
- 4) Obxectivos coeducativos que se abordan no plan.
- 5) Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.
- 6) Seguimento e avaliación.



1. INTRODUCCIÓN

Este documento segue as *“Instrucións do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, FP e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional”*.

Nel recóllense un conxunto de actuacións, medidas e accións co obxectivo principal de implementar a coeducación na práctica pedagóxica do Centro; pretendendo o compromiso e implicación de toda a comunidade educativa.

A educación é un eido fundamental para levar a cabo a prevención e sensibilización na loita contra a violencia de xénero, promovendo a adquisición de valores ou tolerancia de respecto e propiciando modelos de relación igualitarias entre as persoas.

Isto será posible si se conseguen mudar aquelas actitudes, comportamentos e pensamentos a partir dos cales se interioriza que as mulleres e os homes somos diferentes.

A diversidade é una realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo.

Este documento pretende ser un documento realista e operativo, pero tamén modificable segundo a posta en práctica e a súa revisión e avaliación vaian demandando.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA DO CENTRO.

Normativa estatal

- **Constitución** española de 1978.
- **Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro** (LOMLOE) pola que se modifica a **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio** de educación (LOE).



- **Lei orgánica 1/2004, do 28 de Decembro**, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo** para la igualdade efectiva de homes e mulleres.

Normativa autonómica

- **Lei orgánica 6/1981, de 6 de abril**, de estatuto de autonomía de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 155/2022 do 15 de febreiro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Orde do 8 de setembro de 2021** que desenvolve o **Decreto 229/2011 do 7 de decembro** polo que se regula a atención á diversidade no alumnado.
- **Lei orgánica 8/2015 do 22 de xuño**, de modificación do sistema de protección a información e a adolescencia.
- **Plan de Benestar emocional**

Normativa do noso centro.

Segundo o **Art. 85º do Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria : “Os centros disporán de autonomía para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse no proxecto educativo do centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento”.

Desta forma, as Normas de Organización e Funcionamento e Convivencia (NOFC) do CEIP Plurilingüe Pena de Francia tratan de reunir nun documento, os regulamentos e os procedementos a seguir nas situacións nas que se altere o clima de convivencia desexado e que debe ser respecto por toda a comunidade educativa para facilitar a vida no centro e pretenden tamén



contribuír á consecución dunha contorna onde a coeducación sexa unha realidade.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

Nos documentos de funcionamento do centro aparece como un valor prioritario, promover o fomento da igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por razón de sexo, tanto nas súas finalidades como nos obxectivos concretos, así se recollo nos currículos de primaria vixentes para este curso académico.

O traballo por unha educación igualitaria, visibilízase na aposta firme por parte do profesorado e do equipo directivo de levar a cabo accións que favorezan a igualdade, accións que son de relevancia para sensibilizar e desenvolver no alumnado un cambio de actitudes.

Estas actuacións lévanse a cabo de xeito transversal ao longo de todo o curso a través da acción titorial y de xeito máis visible nas conmemoracións vencelladas a estas temáticas coma o 25 de novembro, 8 de marzo, etc.

Tanto o equipo directivo, coma o departamento de orientación e todo o profesorado, está sensibilizado coa importancia deste Plan polo que o compromiso é total.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO NOSO PLAN.

- Crear e fomentar novos modelos de relacións sociais, emocionais e afectivos a marxe de roles e estereotipos de xénero.
- Fomentar unha sociedade máis igualitaria, modificando modelos de conducta sociais e culturais.
- Abordar a coeducación e a prevención da violencia de xénero de forma transversal; é dicir, a igualdade de xénero estará presente sempre na actividade educativa.



- Intentar, a través da educación, facer unha sociedade onde homes e mulleres sexan iguais.
- Tomar conciencia e sensibilizar ao alumnado do problema da violencia de xénero “violencia 0”.
- Desenvolver a intelixencia afectivo sexual onde dar cabida a todo o alumnado e que se sintan seguros.
- Previr e detectar mediante os indicadores de maltrato posibles situacións non desexadas e por en práctica as medidas e actuacións necesarias.
- Incluír no Plan de Orientación Académico e no Plan de Acción Tutorial actuacións dirixidas a promover a coeducación.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

5.1 Organización do centro

- Revisar e comprobar que en todos os documentos oficiais do centro se contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres.
- Si se presenta algún caso de identidade de xénero onde se seguirían as indicacións recollidas no Protocolo de Identidade de Xénero.
- Difundir o Plan de Igualdade entre toda a comunidade educativa.
- Detectar situacións de desigualdade que se poidan dar no centro educativo, especialmente na aula.
- Concretar actividades con metodoloxías cooperativa que favorezan as relacións interpersoais co alumnado traballando a empatía e o respecto á diversidade.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso deste Plan.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.



5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Organizar sesións de titorías enfocadas a realizar actividades de promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.
- Seguir o protocolo de actuacións para abordar conductas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Desenvolvemento, aprendizaxe e práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia.
- Aproveitar os momentos das distintas materias para incidir nos estereotipos machistas.
- Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas (día da paz, día do libro, día das letras galegas).

5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Crear un espazo na biblioteca do centro relacionado coa igualdade de xénero.
- No proxecto lector, facer lecturas sobre igualdade.
- Nas actividades a realizar nas distintas áreas, ter en conta modelos de conduta máis igualitarios.
- Adquirir recursos e materiais coeducativos para o centro.
- Examinar os contidos e materiais empregados nos procesos educativos para evitar incluír elementos sexistas.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.



- Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios e sexistas.
- Revisar os contidos da web, blog, redes sociais, etc. para darlle un enfoque coeducativo e máis inclusivo.
- Fomentar a participación igualitaria nas actividades que se realicen na aula.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Neste apartado recóllese o procedemento de avaliación do funcionamento do Plan a través duns instrumentos de avaliación que permitan obter evidencias e valorar os avances coa maior obxectividade posible.

Logo da análise e valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

6.1. Ficha de seguimento das actuacións (anexo I)

6.2 Ficha de avaliación das actividades realizadas (anexo II)

1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO				
1.	1.1	Revisar e comprobar que en todos os documentos oficiais do centro se contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres.	SI	NON
	1.2	Si se presenta algún caso de desconformidade coa súa identidade de xénero seguiranse as indicacións recollidas no protocolo de identidade de xénero.	SI	NON
	1.3	Difundir o plan de igualdade entre toda a comunidade educativa.	SI	NON
	1.4	Detectar situacións de desigualdade que se poidan dar no centro educativo, especialmente na aula.	SI	NON
	1.5	Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar.	SI	NON
	1.6	Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do plan de igualdade	SI	NON



	1.7	Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.	SI	NON
2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.				
2	2.1	Organizar sesións de titorías enfocadas a realizar actividades de promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.	SI	NON
	2.2	Seguir o protocolo de actuacións para abordar conductas contrarias á convivencia por razón de xénero	SI	NON
	2.3	Desenvolvemento, aprendizaxe e práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia.	SI	NON
	2.4	Aproveitar os momentos das distintas materias para incidir nos estereotipos machistas.	SI	NON
	2.5	Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas (día da paz, día do libro, día das letras galegas).	SI	NON
3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.				
3.	3.1	Crear un espazo na biblioteca do centro relacionado coa igualdade de xénero.	SI	NON
	3.2	No proxecto lector, facer lecturas sobre igualdade.	SI	NON
	3.3	Nas actividades a realizar nas distintas áreas, ter en conta modelos de conduta máis igualitarios.	SI	NON
	3.4	Adquirir recursos e materiais coeducativos para o centro.	SI	NON
	3.5	Examinar os contidos e materiais empregados nos procesos educativos para evitar incluír elementos sexistas.	SI	NON
4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.				
4	4.1	Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios e sexistas.	SI	NON
	4.2	Revisas os contidos da web, blog, redes sociais, etc. para darlle un enfoque coeducativo.	SI	NON
	4.3	Fomentar a participación igualitaria nas actividades que se realicen na aula.	SI	NON
	4.4	Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.	SI	NON



FICHA DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS	
LIÑA ESTRATÉXICA DE ACTUACIÓN (marque a actuación)	
<i>Liña 1: organización do centro</i> Actuación: 1.1 1.2 1.3 1.4	
<i>Liña 2: Eliminación dos estereotipos de xénero na trasmisión de valores e dos saberes.</i> Actuación: 2.1 2.2 2.3 2.4 2.5	
<i>Liña 3: Xestión dos espazos, recursos e oportunidades de xeito inclusivo</i> Actuación: 3.1 3.2 3.3 3.4 3.5	
<i>Liña 4: inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.</i> Actuación: 1.1 1.2 1.3 1.4	
Data execución: ____ / ____ / _____	Duración:
NOME DA ACTIVIDADE	
OBXECTIVO/S DA ACTIVIDADE	
BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE	
RESPONSABLE PROXECTO	
AVALIACIÓN	
Implicación na execución	Participación na actividade
- Nº de mulleres:	- Nº de mulleres:
- Nº de homes:	- Nº de homes:
Grado de satisfacción da actividade (<i>valore do 1 ao 5</i>)	
Grado de implicación na execución (<i>valore do 1 ao 5</i>)	
O resultado da actividade considera que foi útil?	si non



(xustifique en dúas liñas a súa resposta)

Os medios (humanos, técnicos...) foron suficientes?

si

non

(xustifique en dúas liñas a súa resposta)

A duración da actividade foi axeitada?

si

non

(xustifique en dúas liñas a súa resposta)

Propostas de mellora, consideracións, comentarios e observacións.